



RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO, POLA QUE SE ABRE O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA A ELABORACIÓN DA LISTA ABERTAS PARA O INCREMENTO DO NÚMERO DE COTAS DE CAPTURA DAS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN DO RECURSO ESPECÍFICO PERCEBE DENDE EMBARCACIÓN, DA CONFRARÍA DE PESCADORES DA GUARDA APROBADO PARA O TRIENIO 2025-2027

ANTECEDENTES

1. A Orde do 19 de decembro de 2024 aproba os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027.

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión de percebe dende embarcación, da confraría de pescadores da Guarda (PE401A 2024/46-5), estableceuse un número máximo de 17 embarcacións con 36 tripulantes habilitados con dereito a cota.

Unha vez finalizado o proceso de renovación dos recursos específicos para os anos 2025-2027 hai dezasete (17) embarcacións e vinte e oito (28) mergulladores con dereito a cota que exercen a actividade extractiva de percebe neste plan.

Na ficha do plan aprobado indícase que no caso de diminuír o nº de participantes no proceso de renovación, aumentarase o nº de embarcacións (primeiro semestre do ano).

2. O 12 de febreiro de 2025 (Rexistro de entrada nº 2025/385613) a entidade presentou solicitude para que se iniciase o proceso para a cobertura de habilitacións ata o número máximo previsto no plan.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O Decreto 153/2019 do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, establece no artigo 17.2 que cando o número de participantes sexa inferior ao máximo establecido no plan de xestión, a xefatura territorial da consellería competente en materia de marisqueo incrementará anualmente o número de participantes no plan ata o máximo establecido, sen prexuízo das medidas de adaptación establecidas no artigo 21.

2. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia determina nos seus artigos 39 a 46, o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión. No seu artigo 39 establece un sistema de lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión na que a orde de prelación das embarcacións virá determinado pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto no artigo 43.1.

3. Todas as solicitudes que cumpran os requisitos sinalados nesta resolución serán valoradas de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se aproba o baremo para acceder

Departamento Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal



ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

4. Esta xefatura territorial é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego de conformidade co establecido na sección 4ª do capítulo III e o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior, este departamento territorial

RESOLVE:

Abrir o prazo de presentación de solicitudes para a **elaboración da lista aberta** para o incremento do número de cotas de captura das embarcacións incluídas no plan de xestión de percebe dende embarcación, da Confraría de pescadores da Guarda, con suxeición ás bases da convocatoria recollidas no anexo A.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo de un (1) mes, que se contará a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento



ANEXO A

Bases da convocatoria

1. Normas xerais.

1.1. O obxecto deste proceso selectivo é a **elaboración da lista** para o incremento do número de cotas de captura das embarcacións incluídas no plan de xestión para o recurso específico de percebe dende embarcación, da Confraría pescadores da Guarda de conformidade co establecido no plan de xestión aprobado para o trienio 2025-2027.

1.2. Requisitos das embarcacións.

Para poder inscribirse na lista para o incremento do número de cotas de captura, as embarcacións deberán estar incluídas no plan de xestión de percebe dende embarcación, da Confraría de Pescadores da Guarda aprobado para o trienio 2025-2027.

1.3. Solicitudes, documentación, prazo e lugar de presentación.

A Lei 4/2019 do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG núm. 141, do 26 de xullo de 2019) no seu artigo 10º 1.a) establece que os traballadores autónomos e as traballadoras autónomas para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional, no ámbito do sector público autonómico estarán obrigados a relacionarse a través dos medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, ademais dos indicados no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Polo tanto as solicitudes e a documentación acreditativa, deberán presentarse unicamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>) mediante o procedemento PE401M e dirixiranse ao Departamento Territorial de Vigo.

O prazo de presentación das solicitudes será de **quince (15) días hábiles**, contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución desta convocatoria no taboleiro de anuncios deste departamento territorial e na páxina web: <http://mar.xunta.gal>. Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios das xefaturas comarcais de Pontevedra e Vilagarcía e da confraría de pescadores da Guarda.

A falsidade dos datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á súa exclusión automática do proceso selectivo.

A solicitude, asinada polo/s titular/es do permiso de explotación, deberá vir acompañada da seguinte documentación:

1.3.1 Documentación mínima para a admisión da solicitude:

Departamento Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal





a) Para acreditar a personalidade para presentar a solicitude:

a.1) No caso dunha persoa física, DNI ou NIE da persoa solicitante, no caso de non autorizar á Consellería do Mar para a obtención desta información.

a.2) No caso de cotitularidade, copia do DNI ou NIE do resto das persoas físicas titulares do permiso de explotación da embarcación, agás no suposto de autorización expresa á Consellería do Mar para obter esta información. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo IX da Orde do 30 de decembro de 2015.

a.3) No caso dunha persoa xurídica, NIF da entidade e DNI ou NIE da persoa representante no caso de non autorizar á Consellería do Mar para obter esta información. No caso dunha persoa xurídica, a persoa representante deberá acreditar a representación con que actúa.

No caso de ser titular do Permiso de explotación por cesión, deberán tamén dar a súa conformidade a/s persoa/s propietaria/s da embarcación e acreditar a personalidade seguindo os puntos anteriores.

1.3.2 Outra documentación:

a) Folla de asento da embarcación actualizada á data da convocatoria ou copia dixitalizada do documento orixinal.

b) Documentación acreditativa de cada un dos aspectos que se van valorar de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e modificado pola Resolución do 18 de maio de 2020 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Para os efectos de computar **os méritos establecidos só se valorarán os obtidos ata a data de publicación desta resolución**. Así,

b.1) Embarcacións que só teñan unha cota de captura no plan de xestión:

A información relativa a esta epígrafe será a que conste en poder da Consellería do Mar.

b.2.) Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación

No caso de que a persoa solicitante, titular do permiso de explotación da embarcación, estivese enrolado/a e habilitado como percebeiro en embarcacións que contan coa modalidade do recurso específico de percebe nos 2 anos anteriores a data da convocatoria deberá presentar **certificación da capitánía marítima** dos enrolos da persoa solicitante deses 2 anos anteriores á data da convocatoria.

b.3) Habitualidade da actividade pesqueira da embarcación.

A información relativa ás vendas realizadas e rexistros de actividade pesqueira será a que conste en poder da Consellería do Mar.



Para a valoración deste apartado a persoa solicitante deberá presentar **certificación da capitania marítima** que recolla os seguintes aspectos no ano natural anterior á data de publicación da convocatoria (2024):

- Despachos da embarcación
- tripulación enrolada na embarcación con nome e apelidos e períodos de embarque.

c) Documentación que acredite o número máximo de tripulantes autorizados de acordo coas características da embarcación.

1.4. Emenda da solicitude.

Logo de rematar o prazo de presentación de instancias, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 2 de outubro de Procedemento administrativo das administracións públicas, se a solicitude non reúne os requisitos formais, requiriráselle ás persoas interesadas, para que nun prazo de dez (10) días hábiles, a emenden, con indicación de que, se así non o fixesen, se lles terán por desistidas das súas peticións, logo dunha resolución expresa.

A notificación, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrência competitiva e de conformidade co establecido no artigo 42, 43 e 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro realizarase mediante publicación no taboleiro de anuncios do departamento territorial e na páxina web <http://mar.xunta.gal> e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada.

Esta publicación tamén estará exposta, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios das xefaturas comarcais e da confraría de pescadores.

2. Publicidade das listas

2.1 O departamento territorial baremará as solicitudes e fará pública a lista coa puntuación provisional no seu taboleiro de anuncios e na páxina web <http://mar.xunta.gal>. A lista tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios das xefaturas comarcais e da confraría de pescadores.

O feito de figurar na lista coa puntuación provisional de persoas e embarcacións admitidas non prexulga que se lle recoñeza á persoa interesada ou embarcación a posesión dos requisitos esixidos no procedemento regulado nesta sección. Cando da documentación que deba presentarse no caso de ser seleccionado, se desprenda que non posúe algún dos requisitos, a persoa interesada decaerá de todos os dereitos que poidan derivar da súa participación no procedemento.

Contra a relación provisional de puntuacións acadadas por cada unha das embarcacións admitidas poderase presentar alegacións no prazo de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución ante o Departamento Territorial de Vigo da Consellería do Mar. As alegacións non se contestarán expresamente de xeito individualizado, aínda que, de selo caso, si se terán en conta para a puntuación definitiva.

As embarcacións e persoas excluídas poderán presentar contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, un recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co

Departamento Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal

establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.2. Unha vez finalizado o prazo de presentación de alegacións, e analizadas estas, a xefatura territorial ditará resolución e **publicará a lista aberta** para o incremento de número de cotas no permiso de explotación das embarcacións incluídas no plan de xestión. Dita resolución será exposta nos lugares e cos mesmos efectos que os previstos no punto 2.1.

Contra a resolución que aprobe a lista aberta para o incremento de número de cotas no permiso de explotación das embarcacións incluídas no plan de xestión, que non esgota a vía administrativa, a persoa interesada poderá interpoñer recurso de alzada no prazo dun (1) mes, contado desde o día ao da súa publicación no taboleiro de anuncios das xefaturas territoriais e na páxina web <http://mar.xunta.gal>, ante a persoa titular da Consellería do Mar, de conformidade co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Emprego da lista

3.1. Cando o número de cotas sexa inferior ao máximo establecido no plan de xestión aprobado, sen ter en conta as que correspondan a outorgamento da modalidade a embarcacións non incluídas no plan ou cando neste se aprobe un aumento de esforzo pesqueiro mediante o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións que xa están incluídas no plan, o departamento territorial empregará a lista elaborada para o incremento de cotas.

3.2. O emprego da lista polo departamento territorial poderá realizarse previa petición da entidade titular do plan de xestión, sen prexuízo de que de non facelo, poda realizarse de oficio.

3.3. O departamento territorial comunicará ás persoas armadoras das embarcacións integrantes da lista que poden beneficiarse do incremento de cotas e concederá un prazo de quince (15) días hábiles para presentar a seguinte documentación:

a) **Rol de despachos** actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada nela.

b) **Certificacións profesionais** que correspondan ás persoas tripulantes enroladas, agás no suposto de autorización expresa por parte das persoas tripulantes á Consellería do Mar para a consulta das certificacións profesionais expedidas pola Consellería do Mar. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo X da Orde do 30 de decembro de 2015.

3.4. No caso de que unha embarcación seleccionada non acepte todas a/s cota/s ofertada/s, estas pasaran a ser ofertadas ás seguintes embarcacións da lista por orde de puntuación e no caso de que estas figuren empatadas, de seren necesario, previamente á oferta de cotas o empate resolverase por sorteo en presenza das persoas afectadas por dita situación.

As persoas que non acepten os incrementos ofertados durante dúas veces consecutivas sen causa xustificada non recibirán unha nova oferta durante un prazo de doce (12) meses.

Departamento Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal



No caso de renunciaren aos incrementos ofertados durante tres (3) veces consecutivas sen causa xustificada, perderán os seus dereitos e a embarcación quedará excluída da lista por un período de dezaioito (18) meses, podendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

As persoas que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación, ou do exame dela se deducise que carece dalgún dos requisitos, entenderase que desiste da súa solicitude.

4. Novas solicitudes de inscrición e actualización de méritos de embarcacións xa inscritas na lista.

4.1. A lista permanecerá **aberta de forma permanente** para que as persoas armadoras de embarcacións interesadas incluídas no plan de xestión **pidan solicitar a inscrición** de acordo co establecido nas bases desta convocatoria.

4.2. As persoas armadoras de embarcacións xa inscritas nas listas **poderán actualizar os méritos**, o que levará á correspondente modificación da puntuación, de ser o caso.

As **solicitudes de actualización** polas persoas armadoras das embarcacións **realizaranse no mes de xaneiro** segundo o indicado no apartado 1.3, achegando a documentación que acredite os méritos establecidos no baremo que desexen actualizar.

A actualización dos méritos será efectuada anualmente polo departamento territorial no primeiro cuadrimestre de cada ano.

4.3. No caso de que se efectúe a transmisión do permiso de explotación dunha embarcación inscrita na lista, a embarcación causará baixa nesta. Para a súa inclusión, a nova persoa armadora deberá presentar unha solicitude de acordo co establecido no punto 4.1.

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento

